

PEZA DO MES

outubro

2004



RETRATO DE DON JOSÉ LORENZO

VENTURA ÁLVAREZ-SALA Y VIGIL (XIXÓN 1869-1919)

1894

ÓLEO SOBRE LENZO

64,5 x 34,5 CM

ASINADO E DATADO NO ÁNGULO INFERIOR DEREITO: "B. ALVAREZ SALA. MADRID-94"

Nº Inv. 4.763

O PINTOR ASTURIANO, VENTURA ÁLVAREZ SALA, CONSEGUE TRANSMITIR UNHA TOTAL SENSACIÓN DE REALIDADE NESTE RETRATO DE DON XOSÉ LORENZO, PAI DO ETNÓGRAFO OURENSÁN DON XOAQUÍN LORENZO, CANDO CONTABA DEZANOVE ANOS.

ADEMAIS DO INDUBIDABLE PARECIDO CO MODELO, DESTACA A ORIXINALIDADE DO ENCADRE.

RETRATO DE DON JOSÉ LORENZO

Este cadro ingresa no Museo o 27 de setembro de 1966 como doazón de don Xoaquín Lorenzo Fernández, insigne etnógrafo ourensán a quen se lle dedica este ano de 2004 o Día das Letras Galegas. Estreitamente vinculado durante moitos anos ao museo ourensán, desenvolve un incansable e valioso labor como etnógrafo, arqueólogo e historiador da arte, do que son froito un extenso número de publicacións. Contamos entre elas cun pequeno artigo publicado no *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos* de Oviedo, en 1969, que titula “Dos obras por Ventura Álvarez Sala”, no que dá a coñecer dous retratos que realizou o mencionado artista asturiano do seu pai, don José Lorenzo Álvarez (1875-1923). Un deles, o que é obxecto destas liñas, consérvase no Museo e o outro, reproducido tamén nestas notas, encóntrase hoxe nunha colección particular.

O pai de don Xoaquín, fillo dun emigrante de Calvos de Randín enriquecido en Arxentina e dunha fidalga de Lobeira, trasladouse contra finais de século a Madrid para estudar dereito. Alí rematará unha carreira que nunca chegará a exercer e frecuentará os círculos de escritores e artistas ao tempo que se mergulla nas ideas do laicismo e socialismo que agromaban na España do momento. Será el mesmo un notable debuxante e escritor, coñecido polo pseudónimo de *Tabarra*, co que asinaba os seus artigos de colaboración e caricaturas satíricas en *El Liberal*, *Barcelona Cómica*, etc.-. Segundo comenta don Xoaquín no seu artigo, naquela estancia capitalina, fai amizade, entre outros, con Moreno Carbonero e Álvarez Sala. Froito da intensa relación con este último son os mencionados retratos.

O cadro que nos ocupa retrata a un mozo que daquela contaba dezanove anos, de pé, de corpo enteiro en orixinal disposición, situado de perfil á esquerda en actitude de camiñar, oculutando unha man no peto do pantalón mentres

sostén coa outra un paraugas. Leva a cabeza cuberta por un sombreiro de cor parda e viste chaleco e chaqueta a xogo que deixa asomar os puños e o colo alzado dunha camisa branca e a gravata. Os mesmos tons repítense nos zapatos, en claro contraste coa cor negra do pantalón.

A figura concentra toda a atención ao situarse sobre un fondo neutro que define un espazo limitado, exento de calquera elemento que poida distraer, resolto en austeras entoacións en harmonía coas cores das roupaxes.

A luz proxéctase en leves destellos sobre a figura e inunda a parte inferior do lenzo, onde se reflicten as sombras xogando un papel de fixación espacial.

Con trazos certos e espontáneos logra o autor un retrato con carácter de instantánea fotográfica, ben caracterizado, que transmite unha total sensación de realidade, no que destaca a elegancia do atuendo, en consonancia coa naturalidade da pose e a fiel captación dos trazos e personalidade do modelo, tal e como recolle o fillo do retratado no seu artigo: “*Debo, finalmente, hacer notar el parecido extraordinario de ambos retratos con el modelo, no solo en su aspecto físico, sino también en el gesto y en la expresión*”.

O autor do retrato, Buenaventura Álvarez-Sala y Vigil, comunmente coñecido por Ventura, pertence ao grupo de pintores asturianos formados na corrente realista característica do último terzo do século XIX, con estancias de estudos nos dous centros tradicionais do ensino artístico na España decimonónica (Madrid e Roma). Por outra parte, como artista en busca de recoñecemento público e oficial para a súa arte, participou con extraordinaria asiduidade nas Exposicións Nacionais de Belas Artes, figurando en todas as celebradas entre 1892 e 1915, mesmo presentando case sempre unha ou dúas obras, fronte ás numerosas de outros pintores. Son, case todos, lenzos de gran formato que responden no tema e tratamento ás correntes características da linguaxe artística do momento e que lle habían de proporcionar Medallas en diversas ocasións, dúas de Terceira Clase, dúas de Segunda, e unha Primeira Medalla en 1915,



ÁLVAREZ SALA
RETRATO DE D. JOSÉ LORENZO
COLECCIÓN PARTICULAR

polo cadro *El pan nuestro de cada día*. Os títulos das outras obras premiadas, *¡Todo a babor!*, *La rifa de la xata*, *Emigrantes*, e *Arando la tierra (Asturias)*, así como outros coñecidos da súa produción, entre os que destacan *A promesa*, *El entierro de un niño de aldea*, e *Las pescadoras de marisco*, son indicativos da órbita na que se inscribe a súa obra, que se achega ás dúas tendencias características do realismo finisecular, aquel que ofrece un matiz de carácter social e aqueloutro que se aproxima á veta costumista, cun marcado acento rexionalista, tratando de captar e reflectir a esencia do pobo astur a través da plasmación de escenas da vida contemporánea, dos seus tipos característicos, os seus costumes, festas e traballos.

O retrato, xénero que adquire singular desenvolvemento na fin do século como un elemento máis de afirmación social da burguesía e dos

próceres locais, vai ocupar tamén gran parte da súa produción, revelando un tratamento distinto entre aqueles máis “oficiais”, nos que as figuras se amosan posando protocolarias, revestidas dun empaque especial, inmersas en ricos interiores nos que non faltan as tradicionais cortinaxes, e os retratos de seres próximos, principalmente familiares e amigos nos que o pintor se libera das convencións para ofrecer un traballo máis persoal e espontáneo, como neste que aquí tratamos de don José Lorenzo e que corresponde ao período de formación de Álvarez Sala, cando contaba 25 anos de idade.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao . FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XACOBEO 2004
Galicia

